# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

(Aprobado na reunión do Claustro do 4 de marzo de 2004)
(Modificado na reunión do Claustro do 15 de outubro de 2019)

**Artigo 1. O Claustro Universitario**

1. O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación e de control da comunidade universitaria.
2. O Claustro Universitario actúa en pleno e en comisións estables ou para asuntos específicos.

**Artigo 2. Funcións**

Correspóndenlle ao Claustro Universitario, segundo o artigo 13 dos estatutos, as seguintes funcións:

a) Elaborar, aprobar e modificar os estatutos da universidade.
b) Aprobar o seu regulamento de réxime interno e outros previstos nos estatutos como desenvolvemento dos contidos dos seus títulos I e II.
c) Convocar, con carácter extraordinario, eleccións a reitora ou reitor nos termos fixados nos estatutos.
d) Crear as comisións que considere oportunas e elixir os seus membros.
e) Elixir os e as representantes no Consello de Goberno e nas comisións específicas non delegadas, cando así se especifique nos propios estatutos.
f) Elixir e, se é o caso, revogar a valedora ou valedor universitario, aprobar o seu regulamento e recibir e aprobar o seu informe anual.
g) Informar preceptivamente sobre a proposta de creación, modificación ou supresión de centros e de unidades docentes e de I+D+i.
h) Aprobar as normas relativas ao réxime disciplinario dos membros da comunidade universitaria.
i) Coñecer e debater as liñas estratéxicas, programáticas e orzamentarias da universidade.
j) Coñecer e debater os informes que deba presentar a reitora ou reitor.
k) Informar preceptivamente sobre as funcións correspondentes ao Consello de Goberno recollidas nas alíneas i), k) e l) do artigo 16.
l) Cantas outras funcións lle atribúan os estatutos ou a lexislación vixente.

**Artigo 3. Composición**

1. O Claustro Universitario estará composto por 251 membros.
2. Son membros natos do claustro o reitor/a, que o presidirá, o secretario/a xeral, que actuará como secretario/a, o xerente/a e os decano/as e directores/as de facultades e de escolas.
3. Forman parte do claustro, xunto cos membros natos, os membros elixidos entre os distintos colectivos integrantes da comunidade universitaria mediante sufraxio universal, libre, directo e secreto, de acordo co procedemento que aprobe o propio claustro.
4. O conxunto dos membros natos e electos respectará a seguinte distribución por sectores; tenderá, en todo caso, a unha composición equilibrada entre homes e mulleres segundo as normas de paridade aprobadas pola comisión electoral:

a) 51 %: profesorado doutor con vinculación permanente.
b) 9 %: resto do persoal docente e investigador.
c) 25 %: alumnado.
d) 15 %: persoal de administración e servizos.

5. Os vicerreitores/as que non sexan membros do claustro, así como o valedor/a universitario, poderán asistir ás súas sesións con voz pero sen voto.

**Artigo 4. A condición de membro do claustro e a súa perda**

1. Todos os membros do claustro teñen o dereito e a obriga de asistir ás sesións deste.
2. A condición de claustral é persoal e indelegable; perderase polas razóns seguintes:
   a) Finalización legal do período para o que fose elixido.
   b) Dimisión ou pedimento propio.
   c) Perda das condicións de elixibilidade.
   d) Falecemento ou xubilación do/a titular.
   e) Calquera outra causa legal sobrevida.
   f) Mandato xudicial.
   g) Incumprimento reiterado das obrigas de claustral

3. A condición de elixibilidade entenderase ligada, en todo caso, á pertenza ao sector polo que foi elixido o membro do claustro, e non á circunscrición electoral concreta dentro da cal se presentou á elección.
4. O/A claustral que estea en situación de comisión de servizos, servizos especiais, excedencias por coidado de familiares e permisos ou licenzas, será substituído temporalmente pola primeira persoa suplente, unha vez transcorrido un ano nesa situación. Recuperará a súa condición de claustral no momento da súa reincorporación e perderá a devandita condición a persoa substituta.
5. Agás no suposto de disolución do claustro, a Secretaría Xeral comunicaralle a perda da condición de claustral á persoa interesada e, de ser o caso, nomeará o/a suplente.

**Artigo 5. Composición da Mesa do Claustro**

A Mesa do Claustro é o órgano director, coordinador e moderador do claustro, composta polos seguintes membros:

   a) O presidente/a, que será o reitor/a da universidade.
   b) O secretario/a, que será o secretario/a xeral da universidade.
   c) Dous representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.
   d) Dous representantes doutro persoal docente e investigador.
   e) Dous representantes do alumnado.
   f) Dous representantes do persoal de administración e servizos.

**Artigo 6. Elección dos membros da Mesa do Claustro**

1. No proceso de votación, cada claustral votará un máximo dun candidato/a da listaxe do seu sector, e elixiranse as persoas máis votadas de cada listaxe ata o número de postos que se deben cubrir. No caso de empate dentro dunha mesma listaxe, daráselle preferencia á persoa do xénero menos representado na mesa. De haber paridade de xénero na mesa, elixirase a persoa de máis antigüidade na Universidade de Vigo no sector correspondente. No caso de mesma antigüidade na Universidade de Vigo, computaranse os anos de servizo na Universidade de Santiago de Compostela, antes da segregación, prestados nalgún dos campus da Universidade de Vigo. De persistir o empate, proclamarase a persoa de maior idade.
2. Cada candidato/a a membro da mesa levará un/unha suplente, que o/a substituirá no caso de perda da súa condición de membro da mesa.

3. No caso de perda da condición de claustral por parte dun membro elixido da mesa ou da dimisión da súa calidade de membro desta, substituirase polo/a suplente e, de faltar o/a suplente, cubrirase a vacante na mesa mediante unha nova elección no sector correspondente, seguindo o procedemento sinalado no parágrafo anterior.
4. A mesa elixirá entre os seus membros un vicepresidente/a, en quen o reitor/a poderá delegar as súas funcións para que exerza a presidencia do claustro e da mesa.
5. No caso de ausencia do secretario ou da secretaria xeral, será substituído pola persoa que designe o reitor ou reitora.

**Artigo 7. Funcións da Mesa do Claustro e adopción de acordos**

1. A mesa terá por funcións:
   a) A elaboración da orde do día das sesións.
   b) A ordenación e a moderación do desenvolvemento dos debates.
   c) A recepción das propostas e as cuestións de orde.
   d) A decisión sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día.
   e) A interpretación do presente regulamento, no caso de dúbida ou de lagoas, no marco das normas legais e regulamentarias sobre o Claustro Universitario, así como do resto do ordenamento xurídico que se poida aplicar ao seu funcionamento.
2. Agás no disposto especificamente neste regulamento, para a adopción de acordos pola mesa será necesaria a maioría simple e decidirá o presidente/a, co seu voto de calidade, no caso de empate.

**Artigo 8. Convocatoria do claustro e orde do día**

1. A convocatoria do claustro correspóndelle ao reitor/a, que o reunirá en día hábil durante o período lectivo, polo menos dúas veces ao ano en sesión ordinaria.
2. O reitor/a tamén deberá convocar o claustro por proposta do Consello de Goberno ou cando sexa solicitado, polo menos, por un 20 % dos seus membros, os cales indicarán o punto ou os puntos que desexen tratar na sesión.
3. Na orde do día incluiranse os puntos solicitados pola maioría dos membros da mesa, así como, de ser o caso, os puntos que previamente soliciten por escrito o 10 % dos membros do claustro.
4. A convocatoria coa a orde do día enviaráselles aos membros por vía electrónica, cunha antelación mínima de 96 horas, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente, en que ese prazo mínimo poderá reducirse a 48 horas.
5. A documentación necesaria para desenvolver a sesión estará a disposición dos membros do claustro en formato electrónico, nos mesmos prazos sinalados no parágrafo anterior, sempre que sexa posible.
6. O aviso da convocatoria remitiráselle ao enderezo electrónico de cada membro proporcionado pola universidade, agás que lle comuniquen expresamente un enderezo distinto á Secretaría Xeral.

**Artigo 9. Constitución do claustro**

1. O claustro da universidade constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, cando asistan, polo menos, un terzo deles, agás nos casos en que os estatutos da universidade ou o presente

regulamento requiran a existencia de quórum cualificado. De non conseguir o quórum sinalado na segunda convocatoria, terá lugar unha nova sesión nun prazo máximo de trinta días hábiles.
2. A asistencia ao claustro xustificarase coas sinaturas nas listaxes de quórum habilitadas polo secretario/a para tal efecto, e a mesa contrastará co número das persoas presentes no local da sesión.
3. Todo membro do claustro estará obrigado a se identificar cando llo requira a mesa, que asumirá a responsabilidade de calquera fraude ao respecto.

**Artigo 10. Desenvolvemento das sesións do claustro**

1. As sesións do claustro serán públicas e habilitaranse prazas perfectamente delimitadas e separadas tanto para os medios de comunicación debidamente acreditados coma para o público segundo a capacidade do local.
2. A presidencia dirixe e regula o desenvolvemento dos debates e vela polo mantemento da orde na sesión. De acordo coa mesa, poderá fixar un tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra, determinar a duración de cada intervención. As intervencións dos/as claustrais ordenaranse por orde alfabética a partir da letra establecida por sorteo. A mesa realizará o citado sorteo na apertura de cada sesión e publicarao neste momento.
3. A mesa poderá fixar coa orde do día a duración máxima de cada xornada.
4. No caso de que, tras o pedimento dun/dunha claustral, a maioría simple da mesa ou dos membros do claustro presentes considerase que un tema non queda suficientemente debatido, a mesa fixará un novo prazo de debate que se desenvolverá de acordo co establecido no punto primeiro.
5. Os membros do claustro terán dereito a usar a palabra sobre todas as cuestións que encaixen cos contidos de calquera dos puntos da orde do día, de acordo coas seguintes regras:

a) Ningún membro do claustro poderá usar a palabra se non o solicita e obtén permiso da mesa.
b) Non se poderá interromper ningún membro do claustro cando fala, agás a presidencia, e para advertilo de que esgotou o tempo de que dispoñía, para chamalo á cuestión ou á orde e, de ser o caso, para retirarlle o uso da palabra.
c) Os membros do claustro poderán ser chamados á orde cando con interrupcións, ou de calquera outro xeito, alteren a orde das sesións ou cando pretendan seguir usando a palabra unha vez que se lles retirase.
d) En calquera momento do debate un membro do claustro poderá pedirlle á presidencia a observancia do regulamento, citando expresamente o artigo ou os artigos para os que reclame a súa aplicación.
e) De non estar determinado o tempo total de duración do debate, segundo o disposto nos puntos 1 e 2 deste artigo, ningunha intervención dun/dunha claustral poderá ter limitación de tempo inferior a cinco minutos, e de tres na quenda de réplica.

6. As alusións autorizaranse só para que o membro do claustro concernido, a xuízo da mesa, poida contestar no prazo de tempo concedido e sen entrar nunca no fondo da cuestión debatida.
7. A mesa poderá interromper a sesión durante un período determinado de tempo para facilitar os acordos. Así mesmo, e no suposto de que un pleno transcorra durante a mañá e a tarde dun mesmo día, a mesa poderá dispoñer a interrupción da sesión e fixará a hora en que se continuará dentro do prazo máximo dos tres días hábiles seguintes.

**Artigo 11. Adopción de acordos no claustro**

1. En materias obxecto das súas funcións, as decisións do claustro adoptarán a forma de acordos, que esgotarán a vía administrativa e só serán directamente recorribles ante os tribunais de xustiza. Nos restantes casos, as decisións adoptarán a forma de mocións ou de propostas, non vinculantes para ningún órgano de goberno unipersoal ou colexiado no exercicio das súas competencias.
2. Agás o considerado expresamente neste regulamento para determinados asuntos, os acordos do claustro adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta cando se vote entre dúas. No caso de que a votación se realice entre máis de dúas, votarase unha segunda vez entre as dúas propostas máis votadas.
3. As votacións no claustro poderán ser por asentimento coa proposta da mesa, a man alzada ou secretas. En todo caso, serán secretas cando afecten a persoas concretas ou cando o soliciten polo menos dez claustrais. As votacións realizaranse a continuación dos correspondentes debates. No caso de que a natureza dos asuntos o requira, a mesa abrirá un prazo de presentación de propostas, e votarase unha vez finalizado.
4. Calquera membro do claustro poderá presentar ante a mesa mocións, de palabra ou por escrito, avaladas en ambos os casos polo menos por dez claustrais, que se debaterán nas sesións sempre que se refiran a puntos da orde do día. As mocións por escrito serán lidas por unha das persoas solicitantes, e na súa ausencia, polo secretario/a do claustro.
5. Non se admitirá nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo, agás o previsto expresamente nos estatutos da universidade ou no presente regulamento.
6. Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos non incluídos na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 17.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Artigo 12. Actas do claustro**

1. O secretario/a do claustro redactará a acta da sesión, na que figurarán inescusablemente:
   a) Os membros do claustro que asistiron á sesión, nominalmente designados, e as ausencias xustificadas.
   b) A orde do día.
   c) Os acordos e as propostas, especificando se foron adoptados por unanimidade ou por maioría; e farase constar o número exacto dos votos emitidos, o seu sentido e as abstencións.
2. A acta depositarase na Secretaría Xeral da universidade, e os membros do claustro poderán consultala a través medios electrónicos, cunha antelación mínima de 96 horas á sesión onde se aprobará.
3. As obxeccións á acta presentaranse na Secretaría Xeral, ou por rexistro electrónico, no rexistro xeral ou auxiliares cun mínimo de antelación de 24 horas do inicio da sesión.
4. No caso de non presentarse obxeccións á acta, considerarase aprobada polo claustro.

**Artigo 13. Elección do valedor/a universitario polo claustro**

1. Poderá ser elixido valedor/a universitario calquera profesional da Universidade de Vigo con vinculación permanente que, a xuízo do Claustro Universitario, conte co aval do seu prestixio persoal e profesional.
2. O claustro elixirá o valedor/a universitario por un período de seis anos, sen posibilidade de reelección consecutiva.

3. Elixirase a candidatura que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do claustro. Se ninguén obtén esa maioría na primeira volta, repetirase a votación entre as dúas persoas máis votadas e elixirase a candidatura que obteña dúas terceiras partes de votos favorables dos membros presentes.
4. O valedor/a universitario poderá ser cesado por proposta de, polo menos, o 20 % dos e das claustrais; o seu cesamento require da maioría absoluta dos membros do órgano.

**Artigo 14. A comisión de reclamacións**

1. A comisión de reclamacións da universidade ten por función valorar as reclamacións presentadas contra as propostas efectuadas polas comisións dos concursos de acceso a prazas cubertas con persoal con vinculación permanente, ratificando ou non a proposta obxecto de reclamación no prazo máximo de tres meses.
2. A comisión de reclamacións estará composta por:
   a) O reitor/a, que a preside.
   b) Seis profesores/as da universidade, con ampla experiencia docente e investigadora, pertencentes ao corpo de catedráticos/as da universidade de diversas áreas de coñecemento, que serán elixidos polo claustro para un período de catro anos e representarán na medida do posible todos os ámbitos científicos.
3. No caso de se produciren vacantes na comisión, estas cubriranse mediante unha nova elección.

**Artigo 15. Iniciativa e procedemento para reformar os estatutos da universidade**

1. A iniciativa para reformar os estatutos da universidade, segundo o previsto no artigo 115 destes, corresponderá a:
   a) O reitor/a.
   b) O Consello de Goberno.
   c) Un 25 % polo menos dos/as claustrais.
2. A comisión encargada de elaborar o texto de adaptación dos estatutos presentará ante a presidencia da Mesa do Claustro o anteproxecto do texto, que se lles remitirá a todos os/as claustrais. A continuación abrirase un prazo dun mes para presentar emendas, que estarán avaladas pola sinatura e o DNI de polo menos dez claustrais; poderán consistir na supresión, modificación ou inclusión de artigos e, neste último o caso, deberá propoñerse un texto alternativo, que virá acompañado da argumentación en que se fundamente para debater na comisión.
3. O texto do anteproxecto publicarase asemade na páxina web, no apartado de «Información pública», e os membros da comunidade universitaria poderán presentar emendas, sempre e cando estean avaladas polo menos pola sinatura de vinte e cinco membros da comunidade universitaria.
4. Todas as emendas remitiránselle á presidencia da Mesa do Claustro en formato electrónico antes das 14.00 horas do día en que remate o prazo previsto.
5. A comisión debaterá as emendas presentadas e, no seu caso, someteraas a votación. A emenda entenderase aprobada se obtén o voto da maioría dos membros da comisión.
6. Tras a comisión elaborar o anteproxecto, convocaranse todos os membros do claustro para o seu debate e aprobación, se procede.

7. A aprobación da modificación dos estatutos requirirá o voto favorable da maioría absoluta do claustro, en primeira votación, ou de dous terzos dos/as claustrais presentes, en segunda, sempre que o número destes sexa igual ou superior á metade dos membros do claustro. No caso de modificacións técnicas como consecuencia da adaptación ao ordenamento xurídico, bastará coa maioría simple.
8. As modificacións aprobadas enviaránselle ao Consello de Goberno da comunidade autónoma de Galicia para a súa aprobación e, se é o caso, a súa publicación no DOG.

**Artigo 16. Iniciativa e procedemento para reformar o presente regulamento**

1. A iniciativa para reformar o presente regulamento correspóndelle ao 20 % dos membros do claustro.
2. As disposicións sobre o procedemento para reformar os estatutos contidas no artigo anterior rexerán *mutatis mutandis* o procedemento para a reforma o presente regulamento.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

**Primeira**

Tras elixir a totalidade dos membros do claustro, na primeira sesión do pleno, constituirase unha mesa provisional de idade, da cal formarán parte o reitor/a, o secretario/a xeral e dous representantes por cada un dos sectores do claustro, que serán o de maior e de menor idade en cada sector, e que se encargarán de moderar a sesión e elixir nela a Mesa do Claustro.

**Segunda**

Será supletoria a normativa estatal básica en materia de actuación dos órganos colexiados en todo o non previsto nos estatutos da universidade nin no presente regulamento.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte de aprobalo o claustro.